



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALERÍA LOCAL, PROVOCADA POLO COVID-19.

ANUALIDADE 2020

1. OBXECTO.

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas, en réxime de concorrência competitiva, para a reactivación económica do comercio e hostalería local tras a situación provocada pola COVID-19 correspondentes á anualidade 2020.

As circunstancias extraordinarias que se derivan do brote pandémico do denominado coronavirus COVID-19 provocou unha crise económica de tal magnitude que se fai imprescindible a adopción, por parte das Administracións Públicas, de medidas que axuden a paliar o impacto negativo de carácter económico que afectan a diferentes colectivos: traballadores por conta allea, comerciantes, e traballadores por conta propia. Todo elo, co fin de minimizar situacións de risco ou exclusión social.

O Concello de RIBEIRA, tendo en conta os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, determinou a elaboración da presente convocatoria que intenta paliar as consecuencias económicas, directas o indirectas, entre comerciantes, autónomos e pemes. Esta causa de forza maior temporal enténdese acreditada como consecuencia dos efectos derivados das medidas governativas adoptadas para paliar esta crise sanitaria, perdas de actividade, suspensión ou cancelación de actividades, falta de subministrados ou peches temporais en locais de afluencia pública.

Os obxectivos específicos desta convocatoria de axudas son:

- minimizar o impacto da crise económica derivada da COVID-19.
- achegar recursos para atender as necesidades de liquidez do comercio local.
- facilitar a súa recuperación económica.
- contribuír ao mantemento da actividade comercial e á protección do emprego.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que non poderán ser empregadas para outros fins.

2. BASES REGULADORAS.

Esta convocatoria rexerese pola regulación xeral das subvencións concedidas polo Concello de Ribeira, recollidas nas Bases de execución do orzamento de 2019, prorrogado a 2020, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 31 de outubro de 2019.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito previsto para o outorgamento destas subvencións recóllese na aplicación orzamentaria 231C.47000, cun importe de 700.000 euros, do orzamento do Concello de Ribeira do ano 2020.

4. BENEFICIARIOS.

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que estean incluídas no padrón do Imposto de Actividades Económicas do municipio de Ribeira, e exercendo a súa actividade no municipio de Ribeira.





- Que se viran obrigadas á suspensión da actividade por norma estatal o autonómica derivada do COVID-19, exceptuándose o permiso retribuído recuperable regulado no Real Decreto Lei 10/2020. Así mesmo, poderán acollerse as axudas aquelas persoas físicas ou xurídicas que viran reducida a súa facturación no mes de abril en máis do 75% con respecto ao mes de abril do ano 2019. No caso de persoas físicas ou xurídicas de nova creación, a valoración farase con respecto ao mes de febreiro do ano 2020.
- A súa actividade principal deberá estar incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo I.
- Que a sede de actividade se atope no municipio de Ribeira.
- Ser unha micropeme, segundo a definición do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, (ocupar a menos de dez persoas e ter un volume de negocio anual ou balance xeral anual que non supere o medio millón de euros).

So se admitirá unha única solicitude por cada establecemento físico.

Estes requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Consideraranse subvencionables os gastos que seguen:

-Liquidacións das pólizas de crédito devindicadas e efectivamente pagadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de xullo de 2020.

- Recibos de autónomos
- subministro eléctrico.
- teléfono e internet.
- alugueres

Todos estes gastos deberán estar vinculados ao local onde se desenrola a actividade económica e comprendidos no período establecido entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2020.

Non se considera financiable o IVE, nin as taxas e impostos municipais.

Os beneficiarios acreditarán a realización dos gastos subvencionados mediante a presentación de orixinais ou fotocopias dos gastos realizados:

- Facturas e documentos xustificativos do pago (non en metálico) vinculados ao arrendamento do local no que se desenrole a actividade económica, debendo xustificarse o contrato correspondente.
- Facturas e xustificantes de pago vinculados aos custes de mantemento do local (subministro eléctrico, teléfono e internet) onde se desenrola a actividade económica.
- As facturas cumpriran cos requisitos establecidos no RD 1619/2012.
- Recibos de autónomos e documentos xustificativos do pago.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados deben estar a nome do beneficiario.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007AEAC00Q3E7S5R5G3D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/06/2020
RAMÓN JOSÉ DOVAL SAMPEDRO-CONCELLEIRO DELEG. DE RELACIONES INSTITUCIONAIS, TURISMO, PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA. - 10/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/06/2020 12:45:48

EXPEDIENTE ::
2020CONV000006
Fecha: 09/06/2020
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





As operacións de crédito indicadas no parágrafo anterior poderán ser concertadas con entidades de crédito, entidades financeiras de crédito, entidades de diñeiro electrónico ou entidades de pago rexistradas e supervisadas polo Banco de España.

6. CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

O importe da subvención será o resultante de dividir o crédito orzamentario entre numero de solicitantes admitidos, cun importe máximo de 2.000 euros para cada axuda, e non poderá superar en todo caso o 80% do gasto efectivamente xustificado.

Índices correctores a aplicar sobre o importe da axuda a percibir no caso das solicitudes dos establecementos de hostalería e restauración:

- Para os establecementos que non dispoñan de terraza: **1,00**.
- Para os establecementos que dispoñan de terraza e o importe do recibo do ano 2018 ou 2019 non supere a cantidade de 900 €: **0,75**.
- Para os establecementos que dispoñan de terraza e o importe do recibo do ano 2018 ou 2019 supere a cantidade de 900 €: **0,60**.

Contía da subvención resultante só no caso dos establecementos de hostalería e restauración:

(Importe da contía a percibir) x (índice corrector) = (importe resultante)

Esta axuda será compatible con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, de tal maneira que o conxunto destas axudas non supere o custe total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, segundo o modelo do anexo II e III, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ribeira e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Praza do Concello s/n) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

Deberán acompañar a esta solicitude os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que se indican a continuación:

- 1) Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.
- 2) Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- 3) Alta no IAE ou, se é o caso, declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- 4) NIF da persoa física ou xurídica.
- 5) Poder ou documento que acredite a representación, no caso de ser unha persoa xurídica a solicitante.



FIRMANTE - FECHA





6) Documentación acreditativa do número de persoas empregadas na empresa (Relación Nominal de Traballadores, documento RNT) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non existen persoas empregadas.

7) Relación de gastos.

8) No caso de acollerse a estas axudas por redución da facturación, declaración xurada na que se manifieste esta redución.

9) Copia da Declaración Resumen Anual de IVE (Modelo 390) referido ao ano 2019 e presentado na AEAT.

10) Copia da licenza municipal ou acreditación de que a posúe, e de non ser o caso, copia do inicio do trámite para a concesión da mesma.

11) Copia do recibo do ano 2018 ou do 2019 das taxas pola ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, e acreditación do pagamento (EXCLUSIVAMENTE PARA HOSTALARERÍA).

A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

9. INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO.

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Comercio. No seo desta concellaría constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área correspondente, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as empregados municipais, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Membros dos Grupos Municipais: Poderán designar 1 concelleiro/a por cada Grupo Municipal e pertencente ao mesmo, estes actuarán como observadores sen voto.

Nas comisións actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello. Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora. Proposta de resolución.

A comisión analizará as solicitudes presentadas dentro do prazo dun mes, determinando cales reúnen as condicións para se converter en beneficiarios. A este efecto polo servizo correspondente emitírase con carácter previo un informe ao respecto, que será incorporado ao expediente. A Comisión poderá realizar de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polo beneficiario, en virtude dos cales formulará a proposta de concesión de subvención.



FIRMANTE - FECHA





Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, procederáse a notificación individual das solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan subsanar as deficiencias no prazo de 10 días naturais.

10. RESOLUCIÓN.

Resultado da instrución do procedemento e analizadas as posibles subsanacións presentadas polos solicitantes que viran rexeitadas as súas solicitudes, xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase proposta á Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

O procedemento resolverase e notificarase no prazo máximo dun mes a partir do remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

A notificación realizarase de forma colectiva, mediante listado ao efecto na páxina web do Concello (www.ribeira.gal), publicándose o número de Rexistro de Entrada de cada solicitude e o importe a recibir, aos efectos do cumprimento coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

Os solicitantes poderán comprobar a través desta publicación si resultan beneficiarios da axuda, para elo disporán do número de Rexistro de Entrada no xustificante que lles proporcione a Oficina de Atención Cidadá, no caso de facelo de maneira presencial ou na Sede Electrónica, no caso de facelo de maneira dixital.

Contra a resolución adoptada na execución da presente convocatoria, que porá fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

11. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación realizarase no prazo dun mes, a contar dende a data de publicación colectiva da notificación da resolución, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes da finalización do prazo de xustificación, implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A xustificación do gasto realizado, segundo o modelo do anexo IV, dirixirase á Alcaldía do Concello de Ribeira e presentarase polos mesmos medios indicados no punto 8.

O modelo de xustificación (anexo IV) deberá ir acompañado da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia compulsada.

- Certificado bancario de titularidade de conta.



FIRMANTE - FECHA





- Documentos que acrediten os gastos incluídos na relación de gastos (facturas, cota de autónomos, xustificantes liña de crédito) e documentos xustificativos do pago.
- No caso das solicitudes que iniciaron o trámite para a consecución de licenza municipal, deberán acreditar o remate de dito trámite así como xa estar en posesión da licenza.

O importe xustificado deberá ser de tal contía que cando menos o importe da subvención concedida supoña o 80% do mesmo.

Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da Concellería correspondente e da intervención, a Xunta de Goberno valorará o cumprimento do establecido nesta convocatoria e se o estima correcto, procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo arquivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido no punto 7.

13. REINTEGRO.

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumbran, nos casos e nos termos previstos no título II



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007AEAC00Q3E7S5R5G3D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/06/2020
RAMÓN JOSÉ DOVAL SAMPEDRO-CONCELLEIRO DELEG. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, TURISMO, PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA. - 10/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/06/2020 12:45:48

EXPEDIENTE ::
2020CONV000006
Fecha: 09/06/2020
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral desubvencións e normativa de desenvolvemento.

Anexos dispoñibles na páxina web do Concello:

<http://ribeira.gal>

Anexo I. Epígrafes do imposto de actividades económicas subvencionables.

Anexo II. Modelo de solicitude

Anexo III. Modelo para achegar documentación a solicitude de axuda

Anexo IV. Xustificación da subvención.

ANEXO I

EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES PREFERENTEMENTE

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007AEAC00Q3E7S5R5G3D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/06/2020
RAMÓN JOSÉ DOVAL SAMPEDRO-CONCELLEIRO DELEG. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, TURISMO, PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA. - 10/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/06/2020 12:45:48

EXPEDIENTE :: 2020CONV000006

Fecha: 09/06/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixutería.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguets, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos no especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

- 691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar
- 691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.

- 671.1. Restaurantes cinco garfos.
- 671.2. Restaurantes catro garfos.
- 671.3. Restaurantes de tres garfos.
- 671.4. Restaurantes de dous garfos.
- 671.5. Restaurantes dun garfo.
- 672.1. Cafetería tres cuncas.
- 672.2. Cafetería dous cuncas.
- 672.3. Cafetería dunha cunca.
- 673.1. Bares categoría especial.
- 673.2. Outros cafés e bares.

- 932.1. Ensinanza formación prof. non superior.
- 932.2. Ensinanza formación prof. superior.
- 933.9. Outras actividades ensinanza.

- 967.1. Instalacións deportivas.
- 967.2. Escolas e serv. perfeccionamento do deporte.
- 972.1. Servizos perruquería señoras e cabaleiros.
- 972.2. Salóns e institutos de beleza.

